



2ª REUNIÓN DE RISEGAL

1 xuño 2018

DESCRIPCIÓN BREVE

Reunión de traballo coa participación de Caroline Merten quen informou do funcionamento actual das redes emerxentes na EFSA

Participantes

Membros da Rede Galega de Riscos Emerxentes en Seguridade Alimentaria

II RISEGAL meeting

1st June 2018

10:00 a.m. **Welcome**

Arrival to IIM-CSIC, tea and coffee

10:30 a.m. **Dr. Marta López Cabo**

Senior Scientist IIM-CSIC. Coordinator of RISEGAL

Galician Net for the Identification of Emerging Risks in Food Safety (RISEGAL)

10:40 a.m. **Dr. Santiago Pascual del Hierro**

Senior Scientist IIM-CSIC

Risk assessment of parasites in fishery products

11:00 a.m. **Dr. Jesús L. Romalde**

Professor of Microbiology. University of Santiago de Compostela

Enteric viruses as emerging risks in food safety

11:20 a.m. **Dr. Jesús Simal Gándara**

Head of the Department of Analytical Chemistry and Food Science. University of Vigo

The Agro-Environmental and Food Research Group: research lines and a case for residual reference values in food

11:40 a.m. **Dra. Caroline Merten**

Member of the Scientific Committee & Emerging Risks Unit (SCER), European Food Safety Authority (EFSA)

EFSA Emerging Risks Activities

12:40 p.m. **Questions and discussion**

13:30 p.m. **Close**

Conference venue: Instituto de Investigacións Mariñas (IIM-CSIC). Eduardo Cabello, 6, 36208, Vigo (Spain)

Resumo da 2º reunión de Risegal

A reunión comezou coa presentación da rede RISEGAL por parte da coordinadora **Marta López Cabo**, principalmente dirixida a Caroline Merten, a cal interesouse polos sectores aos que se dirixe a rede galega e os elementos da cadea de alimentación que serán abordados pola mesma.

Seguidamente o investigador **Santiago Pascual** expuxo a situación actual da problemática relativa á presenza de parásitos en diferentes especies de peixes: incidencia, especies afectadas e os prexuízos da súa presenza —económicos e de saúde— así como a dificultade de que a situación real e os coñecementos xerados nesta liña téñanse en conta polas autoridades competentes para a implementación das medidas de mitigación propostas.

Jesús L. Romalde expuxo a investigación do seu grupo de investigación sobre a presenza de virus de entéricos en moluscos cultivados en Galicia e a súa importancia como risco emerxente para o consumidor, nun mercado global, dependente dos factores impulsores como o cambio climático. Resaltou a dificultade de conseguir datos epidemiolóxicos que permitan relacionar moluscos portadores con casos clínicos e puxo en dúbida a eficiencia dos sistemas de depuración utilizados en Galicia para a eliminación de virus.

Jesús Simal presentou as liñas de investigación sobre os contaminantes químicos na cadea alimentaria. Resaltou a importancia das enfermidades debidas á exposición a distintos metabolitos presentes no medio ambiente ou a través da dieta, e que poden estar asociadas a un determinado comportamento ou estilo de vida. Caroline Merten confirmou que o tema de contaminación química é un das cuestións de maior presenza na avaliación de riscos emerxentes.

Caroline Merten expuxo o marco de traballo da rede EREN na actualidade. Nela, ademais da Unidade de Riscos Emerxentes da EFSA e os representantes dos estados membros da UE, participa un consorcio formado por distintos axentes representantes da sociedade civil e do sector privado (StaCG-ER) que

aportan datos e coñecemento de partida para a avaliación dos posibles riscos emerxentes. Estes están clasificados en: grupos do mundo académico, asociacións do ámbito sanitario, sector alimentario empresarial primario e secundario, asociacións de consumidores e a canle de distribución e HORECA.

Para exemplificar os métodos e ferramentas para a identificación de riscos emerxentes en seguridade alimentaria, Caroline explicou tres proxectos en marcha en EFSA:

AQUARIUS: Cuxo obxectivo é comprobar se a metodoloxía proposta para a análise das cadeas alimentarias é capaz de detectar as vulnerabilidades principais e os factores de impulsores dos posibles riscos que repercutirían na saúde dos animais de acuicultura e dos humanos.

CLEFSA: Estudo dos riscos emerxentes impulsados polo cambio climático para a saúde dos animais e vexetais —incluída a humana como consecuencia da súa inxesta—.

ERIS: Evaluar a ferramenta ERIS desenvolvida polo TNO (*Netherlands Organization for Applied Scientific Research*) para a análise de datos previo á identificación de riscos emerxentes.

Como mensaxe final, Caroline quixo enfatizar a importancia e necesidade de compartir a información a través das redes canalizadas pola EFSA co fin de mellorar a detección de riscos emerxentes en seguridade alimentaria que puidesen afectar á saúde dos cidadáns europeos.

CAROLINE MERTEN

Caroline Merten, veterinaria especializada en Ciencias da Alimentación, actualmente ocupa o cargo de oficial científico da Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA) no Comité científico e na Unidade de Riscos Emerxentes de Parma (Italia). Coordina o grupo de traballo da EFSA sobre a incerteza e todas as actividades de investigación conexas. Ademais, está coordinando a Rede de Intercambio de Riscos Emerxentes (EREN) da EFSA e supervisa varios proxectos de investigación metodolóxica para identificar os riscos emerxentes no ámbito do mandato da EFSA.



Caroline Merten

Antes de incorporarse á EFSA, ela traballou no grupo de prevención de urxencias para a inocuidade dos alimentos (EMPRES) na organización das Nacións Unidas para a agricultura e a alimentación (FAO) en Roma.

As súas responsabilidades incluíron a planificación e a xestión de programas para fortalecer a prevención e a resposta ás urxencias de seguridade alimentaria nos países en desenvolvemento, principalmente en África e Asia e incorporouse á Secretaría da FAO para a OMS/FAO internacional de seguridade alimentaria Rede de autoridades (INFOSAN). Nas súas posicións anteriores traballou como asesora de exposición na unidade de recolección e monitoreo de datos (DCM) na EFSA e coordinó programas de desenvolvemento para mellorar a seguridade alimentaria en África occidental.